

## USO DE INTERNET E PROPIEDAD INTELECTUAL

A idea de facer un blog sobre o funcionamento da oficina de Recursos Humanos da nosa empresa debemos asumila co maior coidado na súa elaboración, para evitar problemas.

A miúdo moitos blogs de empresas, empregan fotografías para ilustrar o funcionamento das mesmas, ou, para aforrar tempo esculcan na rede calquera informe que se asemelle as súas necesidades e mudando algunhas palabras ou sen ningún tipo de ética profesional copian e pegan literalmente o xa publicado.

Hai que lembrar que calquera obra ten automaticamente dereitos de autoría, é dicir, o simple feito de crealas, fai que estén protexidas pola lei, sen que o autor, teña a obriga de rexistrala, e pode como xa ten ocorrido que o autor demande á compañía ou empresa por uso sen autorización.

Sempre, claro está, hai algúns recunchos nos que podemos apoiarnos para elaborar o traballo. Porei algúns exemplos:

- Si queremos empregar algún fragmento dunha obra xa divulgada, podemos facelo.
- Si utilizamos algunha cita para o seu análise, tampouco teríamos ningún problema.
- Si ese blog o utilizamos con fins divulgativos ou de investigación, non correríamos o risco de ser demandados.
- E se indicamos a fonte do autor da obra, sempre que este a permita, tampouco teríamos problema.

Existen algunhas páxinas na rede e fora dela onde determinadas obras poden ser reproducidas ou copiadas, denominadas “*Copyleft*” ou copia permitida. Os traballos así rexistrados levan o símbolo © ao revés. E tamén existe o dominio Creativecommons.org que nos permite mediante a súa páxina web empregar obras para o dominio público.

A miña idea, para non caer nestes problemas, será que aínda que nos custe máis tempo e esforzo, empreguemos materiais propios, ou, noutras palabras que toda a fotografía e a maior parte do traballo xurda de nos para non ter que responder ante terceiras persoas de determinada cuestión que daría mala fama á nosa empresa.

Coas novas tecnoloxías podemos empregar fotografías da nosa empresa sen ter que recorrer á rede para por exemplos de outras oficinas e no caso de querer atopar algunha fotografías a maiores para enriquecer o traballo, que vaiamos aos dominios descritos con anterioridade.

A respecto do traballo escrito, que evidentemente é o que nos vai obrigar a gastar máis tempo e esforzo, debemos elaborar en conxunto co departamento de Recursos Humanos, o blog, empregando o material e as ideas da nosa empresa, e así, darlle a volta ao problema.

**No canto da nosa preocupación polo dereito de propiedade intelectual que nos poidan pedir os demais, ser nos os que poidamos esixirillo.**

Gonzalo Cao